



O CANON DIGLÓSICO

Política Lingüística lanza unha campaña de recomendacións para apostar polo galego nos regalos

26.12.2007 O idioma galego segue tendo unha posición marxinal no conxunto de xoguetes que se regalan na noite de reis

E.P. . SANTIAGO

Un boneco que fale galego, un cómic traducido ou un xogo interactivo plurilingüe constitúen ferramentas "importantes" e que reportan "vantaxes" para facilitar a aprendizaxe da lingua e o seu uso, polo que o presidente da Asociación de Pedagogos de Galicia, Xosé Manuel Suárez, suxire aos empresarios que deixen os "prexuízos" e fabriquen xoguetes que falen galego. "Os nenos non nacen cun disco duro, poden falar diferentes idiomas nas distintas situacións da súa vida", precisa Suárez e engade "os nenos adaptacióne" e "aprenden facilmente". Ao respecto, asegurou que os xoguetes "son un condicionante" a maiores na aprendizaxe, e de aí que teña "toda a importancia do mundo" que esta ferramenta se presente tamén en lingua galega para "aproveitar os recursos".

Na súa opinión, o fabricantes téñeno doado" porque existe a "dispoñibilidade tecnolóxica". Sobre todo, o presidente da asociación referiuse aos xogos interactivos, que só necesitarían incorporar o galego entre as opcións do menú inicial. E de aí que os nenos "xoguen cada vez menos en galego cando o fan de forma individual", queixouse o voceiro de Lingua do Grupo Parlamentario do BNG, Bieito Lobeira, quen denunciou un "retroceso" nos últimos tempos e puxo como exemplo que xa non se traduzan os cómics de Astérix que, lamentou, "xa non se poden ler en galego".

Así mesmo, Bieito Lobeira, que propuxo bonecos que falen "catalán, euskera e galego", revelou que "hai moitos pais que teñen problemas" para conseguir xoguetes ou obter as instrucións correspondentes na lingua propia. Os nenos están "excluídos" nas franxas de idade máis baixas porque non existen recursos de aprendizaxe.

Neste contexto, a publicidade de xoguetes enche as pantallas de televisión durante a tempada de nadal e, cada vez máis, os anuncios pódense escoitar en galego, segundo datos da aos que tivo acceso Europa Press. Non obstante, os xoguetes que se anuncian nesta lingua, non se poden atopar no mercado no idioma en que se publicitaron.

Concretamente, entre o 1 de setembro e o 12 de decembro emitíronse 1.113 pases de anuncios de xoguetes en castelán fronte a 5.162 en galego, o que supón un 17,71 e un 82,26 por cento, respectivamente. O número de anuncios ascende a 65 en castelán, un 26,75 por cento do total; e a 178 en galego, o que supón un 73,25 por cento dos 243 anuncios de xoguetes que se emitiron neste período.

Non obstante, un repaso polos estantes dunha xoguetería revelan que os avances do plurilingüismo no ámbito da publicidade non se reflicten nas embalaxes dos xogos e, de feito, algunhas empresas de xoguetes confirmaron esta tendencia.

Fronte a esta situación, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicou na súa páxina web unha serie de recomendacións para regalar en galego, entre as que se inclúen algúns xogos educativos para nenos de entre 3 e 12 anos, aínda que os xogos se limitan aos interactivos. O propio departamento autonómico recomenda "para os máis mañosos" os libros dos personaxes *Os Bolechas*, nos que a través dun mecanismo pequeno se poden transformar nun camión de bombeiros e un de lixo e en ambulancias ou en coches de policía.

Hai xogos asociativos nos que os nenos deben relacionar unha imaxe cunha letra, entre eles *As vogais* e *O abecedario*. *As horas do día*, que tamén se presenta en formato interactivo, consiste en formar un crebacabezas

onde aparezan todas as horas do día e está pensado para que os nenos aprendan as horas a través das diferentes actividades da xornada.

ABANO

Literatura e cine

Entre os xoguetes con características máis tecnolóxicas, están á venda "Iago divertido" e "Iago next", para nenos de entre 3 e 6 anos, no primeiro caso; e de entre 5 e 9, no segundo; que ofrecen diferentes actividades en galego. O primeiro contén 54 tarefas, animación musical, luces e son, amplo vocabulario e unha guía pedagóxica, mentres que o seguinte, alcanza as 103 actividades,.

O abano de posibilidades amplíase nos ámbitos das películas e dos libros, de maneira que Política Lingüística recorda que existen os DVD dos debuxos "Doraemon" e "Shin Chan", que son dous dos personaxes "favoritos" dos máis pequenos. Outros títulos recentes de "éxito" son "O Cid, a lenda", "O soño dunha noite de San Xoán", "PK3, Pinocchio 3000" ou "Pérez, o ratiño dos teus soños".

En canto aos libros, o departamento de Marisol López proprón diversas editoriais, entre elas A Nosa Terra, Baía Edicións, O Cumio, Embora, Galaxia, Kalandraka, OQO, Sotelo Branco ou Tambre.